



moción

MOCIÓN DO GM DE VECIÑANZA PARA A COLABORACIÓN INSTITUCIONAL NO DESENVOLVEMENTO DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA RAN

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O desenvolvemento do polígono industrial da Ran é un eixo fundamental para o impulso socioeconómico que Cuntis precisa. Esta área leva demasiados anos sen regularizar debido a varios motivos, pero os efectos que provoca son devastadores para o noso municipio e a súa incidencia resulta altamente prexudicial. Cun acentuado descenso poboacional na última década, provocado en boa medida pola emigración e falta de oportunidades laborais, e cunhas taxas de paro moi considerables, a área industrial da Ran non se atopa en situación de atraer novas empresas. Non é necesario trazar unha explicación entre as causas e as consecuencias pero as posibilidades de emprego industrial agora mesmo en Cuntis son moi limitadas, e esta situación non mudará ata que o noso concello non dispoña dunha área en plenas condicións.

Ademais do dito, as industrias que si están instaladas na zona da Ran fano en situación de incerteza xurídica e mesmo a algunhas lles supón graves problemas administrativos a distintos niveis. O Polígono Industrial da Ran sitúase nunha zona privilexiada, xusto ao pé da estrada N-640 e a poucos minutos de zonas de interese para as distintas industrias que puideran estar interesadas: perto da autoestrada AP-9, do Porto de Vilagarcía, das cidades de Pontevedra e Compostela, etc. O atractivo desta área industrial debera ser motivo de implicación máis que suficiente para as administracións responsables do desenvolvemento económico, nomeadamente de comarcas rurais como é o noso caso. A vertebración equilibrada do País



veciñanza

moción

debera facerse en base a criterios obxectivos e non tanto a outro tipo de intereses, como vén acontecendo dende hai décadas en Galicia.

Nestes momentos para a legalización do Polígono Industrial da Ran cómpren, basicamente, dous pasos: a adquisición dos terreos (con posibilidade de aplicar distintas fórmulas) e a urbanización das parcelas. Isto esixe un investimento económico para o que o Concello de Cuntis precisa a colaboración doutras institucións. O organismo público de xestión do solo, Xestur, ignora por completo a situación do polígono da Ran e nin tan sequera o contempla como tal (pode comprobarse na súa páxina web). O desinterese da Xunta de Galicia no desenvolvemento desta área empresarial é unha evidencia que se constata con feitos.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra presenta actividade en casos semellantes e mesmo ten un papel protagonista na promoción de parques empresariais de moi parecidas características a moi poucos quilómetros de nós. Por exemplo, a súa acción en Barro-Meis permitiu o desenvolvemento desta zona e consegue que novas industrias se asenten naquel polígono. Isto vén a demostrar que o ente provincial é quen de colaborar no desenvolvemento de áreas deste tipo, tal e como podemos comprobar no seguinte texto da súa páxina web:

A Deputación de Pontevedra pretende dar resposta á importante demanda de solo industrial na provincia, fundamentalmente no contorno das áreas urbanas, onde a súa carencia obstaculiza o desenvolvemento económico equilibrado. Neste contexto resultou prioritario crear parques de reserva empresarial, para ampliar, deste xeito, o horizonte de oportunidades existentes e atraer investimentos empresariais que contribúan ao incremento económico e, por extensión, aumenten as oportunidades laborais e o grao de expresión social.

Neste marco a Deputación (na permanente función que ten encomendada de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación estratéxica no territorio provincial que lle atribúe o artigo 36 d) da Lei 1/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local) debe erixirse como un axente dinamizador de promoción de solo industrial, planificando a medio-longo prazo a creación e ordenación deste tipo de solo na provincia, para garantir maiores niveis de investimento que poidan traducirse nun futuro nunha mellora de actividades innovadoras e na asignación de recursos no campo da I+D, dotando a provincia de infraestruturas necesarias que permitan atraer investimentos empresariais, así como o incremento de oportunidades laborais.

Unha vez adxudicadas e rematadas as obras de urbanización, póñense a disposición dos sectores empresariais que requiren solucións á carencia de solo industrial as 76 parcelas resultantes do proxecto de parcelamento, en réxime de concorrencia, sen interferir mediante a concesión de axudas que desvirtúen o interese público da actividade económica de promoción e xestión do solo industrial.



veciñanza

moción

A colaboración económica doutras administracións públicas resulta imprescindible para o desenvolvemento industrial do noso municipio, ou cando menos para a regularización da área existente e a posibilidade de outorgar garantías xurídicas ás empresas alí instaladas. Deste xeito, a participación da Deputación de Pontevedra neste proxecto de vital importancia para Cuntis constituiría un reforzo definitivo.

Esta Corporación debe asumir a responsabilidade de procurar todas as opcións posibles para demostrar que aposta decididamente por un eixo de futuro para Cuntis.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello de Cuntis a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Deputación de Pontevedra a asumir a importancia do desenvolvemento do Polígono Industrial da Ran para o futuro socioeconómico de Cuntis.
2. Solicitalle á Deputación de Pontevedra a súa implicación decidida nas tarefas necesarias para a regulación do Polígono Industrial da Ran.
3. Instar á Deputación de Pontevedra a incluír nos seus Orzamentos do ano 2018 e seguintes unha dotación económica para o desenvolvemento da área empresarial de Cuntis.
4. Solicitalle á Deputación de Pontevedra a creación dun Viveiro de empresas en Cuntis, tal e como fixo noutras áreas industriais da contorna.
5. Instar ao Goberno Municipal de Cuntis a crear unha Comisión de Traballo composta por todos os grupos políticos da Corporación e que solicite de inmediato reunións coa Deputación de Pontevedra, Xestur e a SEPI.

Cuntis, 14 de xullo de 2017

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López